



CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 02/08/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xuño 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xuño do 2023 terá lugar neste municipio dende o día 2 de agosto de 2023 ata o día 2 de outubro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 3 de agosto de 2023.- O ALCALDE P.D. (Decreto 766-2023), Manuel Dieguez Carballo.

R. 2583

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/06/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes axullo 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes xullo 2023 terá lugar neste municipio dende o día 28 de xullo de 2023 ata o día 27 de setembro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 28 de xullo de 2023.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2584

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 02/08/2023 apróbase o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 3º bimestre do exercicio 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 3 de agosto de 2023.- O ALCALDE P.D. (Decreto 766-2023), Manuel Dieguez Carballo.

R. 2585

COSPEITO

Anuncio

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 18/07/2023 de NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS CONFERIDAS POLA ALCALDIA, que literalmente se transcribe.

Dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Celebradas eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e téndose constituída a nova Corporación Local en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2023 .

Vista a Resolución de Alcaldía número 2023-0495, de data 12/07/2023, de nomeamento de tenentes de Alcalde.

Considerando que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 17/07/2023, acordou:

“PRIMEIRO.- *Constituir, como órgano colexiado integrante da organización municipal, a Xunta de Goberno Local cuxo obxecto será a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou as que lle atribúan as leis.*

SEGUNDO.- *A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que será o seu presidente, e por un número de tres Concelleiros que serán nomeados libremente polo Alcalde como membros da mesma.*

TERCEIRO. *A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a cuxos efectos celebrará as súas sesións ordinarias o primeiro e penúltimo xoves de cada mes ás 13:30 horas, previa convocatoria da Alcaldía, efectuada en legal forma. No caso de coincidir día festivo, poderase adiantar ou retrasar a súa celebración un día hábil.*

CUARTO.- *Publicar no presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”*

En virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 35.2, 52 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e considerando o disposto nos artigos 43 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e demais normas concordantes e xerais de aplicación,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Deixar sen efecto a Resolución número 2023-0495, de data 12/07/2023, de nomeamento de tenentes de Alcalde.*

SEGUNDO. *Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:*

-Iván Méndez Flores.

-Fernando Carreiras Gonzalez

-María José Paredes Yañez.

TERCEIRO. *Nomear como tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros e na orde que se determina:*

Primeiro tenente de alcalde: Iván Méndez Flores.

Segundo tenente de alcalde: Fernando Carreiras Gonzalez

Terceiro tenente de alcalde: María José Paredes Yañez.

CUARTO. *Notificar persoalmente a presente Resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitila a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo. Así mesmo, publicala no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.*

QUINTO. *Delegar na Xunta de Goberno a adopción dos acordos que procedan nos seguintes asuntos:*

1. *A concesión de toda clase de licencias salvo que as leis sectoriais atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, incluídos os expedientes relativos a espectáculos públicos e actividades recreativas, autorizacións de uso do dominio público, así como a concesión das correspondentes licenzas e autorizacións*
2. *A tramitación dos expedientes de reposición da legalidade e os sancionadores nesta materia.*
3. *A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución das obras e servizos municipais, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión ou Alcalde e estean previstas no orzamento municipal.*
4. *Solicitud de delegación de competencias para contratar obras ou servizos de competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.*
5. *As contratacións de toda clase, ás que fai referencia a disposición adicional segunda, punto 1, da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.*
6. *Aprobación de certificacións de obra.*
7. *Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra ou Concello.*
8. *Resolución de expedientes sancionadores cando non sexan competencia do Pleno da Corporación salvo en materia de tráfico.*
9. *A adxudicación das concesións sobre bens municipais e a adquisición de inmobles e dereitos suxeitos á legislación patrimonial, así como a enaxenación do patrimonio*
10. *A aprobación dos convenios de colaboración cuxa competencia non se atribúa legalmente ao Pleno.*
11. *Aprobación das liquidacións de calquera clase e a resolución dos seus recursos.*
12. *O recoñecemento das obrigas correspondentes a facturas debidamente recibidas en Intervención. A ordenación do Pagamento seguirá correspondendo a Alcaldía. A aprobación e ordenación do pago e anticipos de caixa fixa. Quedan excluídas as Aprobacións das nóminas de persoal, gastos de locomoción e dietas así como calquera outra incidencia relacionada cas retribucións de persoal conforme as normas aplicables.*
13. *A concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando ou importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere ou 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior todo isto de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais.*
14. *Devolución de garantías constituídas en metálico, aval e demais formas.*
15. *Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de*
16. *Aprobación de Bases e concesión de subvencións, cando correspondan á Alcaldía conforme á Ordenanza xeral de subvencións e as Bases de Execución do Orzamento.*
17. *A adopción de actos administrativos con efectos xurídicos fronte a terceiros que poñan fin os procedementos que teñan que ver coas atribucións que se delegan.*

De conformidade co establecido no art. 115 do ROF, a delegación que se confire neste acordo comprende o coñecemento, instrución e resolución das reclamacións ou recursos de toda índole e natureza, excepto ou de alzada, que se formulen ou interpoñan polos interesados nos procedementos administrativos, contra os actos definitivos ou de trámite, nos supostos previstos nas leis, ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das facultades que lles foron delegadas.

As competencias delegadas enténdanse outorgadas sen prexuízo de que o Sr. Alcalde poida exercelas en caso de urxencia ou de necesaria adopción en beneficio do interese municipal.

- *Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten a aceptación de tales cargos, debendo manifestar, no seu caso, a renuncia aos mesmos, por escrito, ante esta Alcaldía.*
- *O presente acordo producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial desta Provincia, conforme ao apartado 2 do art. 44 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.*

SEXTO. *A sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local celebrarase o próximo xoves, día 27/07/2023, ás 13:30h (art. 112 do ROF e 46 do texto refundido).*

Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre."

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2586

Anuncio

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 18/07/2023 de ACEPTACIÓN E DESIGNACIÓN DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL, que literalmente se transcribe.

Dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Celebradas eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e téndose constituída a nova Corporación Local en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2023 .

Considerando que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 17/07/2023, acordou:

"PRIMEIRO.- Autorizar, segundo o establecido nos artigos 75.1, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, os seguintes cargos con dedicación exclusiva ou parcial coas retribucións que respectivamente se indican :

-Dedicación exclusiva da alcaldía, con xornada laboral completa, e, cunha retribución anual bruta de 46.000 euros, máis os trienios aos que teña dereito como funcionario de carreira en excedencia, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

-Dedicación parcial de concellería delegada con xornada laboral ao 35 %, e unha retribución anual bruta de 9.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

As dedicacións anteriormente creadas surtirán efectos económicos dende o día 17 de xuño para o cargo de Alcalde-Presidente e con efectos económicos a partir de que pola alcaldía se proceda a designar ao membro da corporación para desempeñar o seu cargo con dedicación parcial, e se acepte expresamente polo concelleiro/a.

O decretos da Alcaldía de designación de concelleiro/a con dedicación, haberán de precisar as responsabilidades que asumirán os designados, determinarase ademais o seu réxime de dedicación.

Estas retribucións serán obxecto de actualización automática anual nos mesmos porcentaxes que se fixen na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ou norma que a substitúa para estes efectos, para os empegados públicos, co límite en todo caso, que estableza dita normativa para o réxime retributivo dos membros das corporacións locais."

En execución do dito acordo, e en uso das atribucións que me confire o art. 21.1 e 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.Aceptar a dedicación exclusiva da alcaldía, con xornada laboral completa, e, cunha retribución anual bruta de 46.000 euros, máis os trienios aos que teña dereito como funcionario de carreira en excedencia, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro, con efectos económicos dende o día 17 de xuño de 2023.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

SEGUNDO. Designar a concelleira delegada de Deportes e Xuventude, Infraestructuras Deportivas e de lecer, Mobiliario Urbano, Festas e festexos e Proteccion civil, Dona Natividad Miguélez Castro, para desempeñar o seu cargo coa seguinte dedicación parcial:

Dedicación parcial de concellería delegada con xornada laboral ao 35 %, e unha retribución anual bruta de 9.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro con efectos económicos a partir de que se acepte expresamente pola concelleira delegada desempeñar o seu cargo con dedicación parcial.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

TERCEIRO. Estas retribucións serán obxecto de actualización automática anual nos mesmos porcentaxes que se fixen na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ou norma que a substitúa para estes efectos, para os empegados

públicos, co límite en todo caso, que estableza dita normativa para o réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

CUARTO. Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao Alcalde e a concelleira delegada unha vez que acepte o seu cargo con dedicación parcial, asumindo o Concello pago das cotas empresariais que correspondan.

QUINTO. Notifíquese a interesada para os efectos da súa aceptación, publíquese no BOP, no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, así como dese conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.”

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2587

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 17 de xullo de 2023, acordouse aprobar a **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS E A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, no sentido literal que se transcribe:

[...] PRIMEIRO: Establecer que o Pleno do Concello celebrará sesión ordinaria no Salón de Sesións da Casa Consistorial o último xoves de cada mes impar, a partir do mes de setembro do ano en curso, ás dezasete horas, en primeira convocatoria, e dous días naturais despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

SEGUNDO: Facultar ao Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día e hora de celebración nun intervalo máximo de oito días, ata aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente a aquel, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO: Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros; isto é:

1.- O exercicio de accións administrativas e xudiciais, así como a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

2.-A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.- A concertación das operacións de crédito cuia contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.-A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

5.-As demais que expresamente confiran as leis.

Así como as do artigo 23 do Texto Refundido de réxime local, seguintes:

-A regulación do aproveitamento dos bens comunais nos termos previstos na lexislación aplicable.

-A defensa nos procedementos incoados contra o Concello

-O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación presupostaria, operacións de crédito ou concesión de quita e espera.

-As resolucións que poñan fin á vía administrativa en materia de expropiación forzosa

Así como as recollidas na Disposición Adicional segunda da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, encomendadas ó Pleno da corporación que se consideran delegables na Xunta de Goberno Local, isto é:

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos que non sexan de competencia da alcaldía, así como a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais.

- A competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas á alcaldía, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

- A constitución das xuntas de contratación e a determinación dos límites cuantitativos aos que se refire o apartado 5, segundo parágrafo, da dita disposición adicional segunda.

- A autorización da redacción e licitación de proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra cuxo período de execución exceda ao dun orzamento anual, sempre que estas sexan susceptibles de utilización separada no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas

CUARTO.-De conformidade co establecido non art. 115 do ROF, a delegación que se confire neste acordo comprende o coñecemento, instrución e resolución das reclamacións ou recursos de toda índole e natureza, excepto ou dealzada, que se formulen ou interpoñan polos interesados nos procedementos administrativos, contra os actos definitivos ou de trámite, nos supostos previstos nas leis, ditados pola Xunta de Goberno Local non exercicio das facultades que lles foron delegadas.

QUINTO.- Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.

SEXTO.- Notificar o presente acordo aos Concelleiros afectados e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2588

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 17 de xullo de 2023, acordouse aprobar o **NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO**, no sentido literal que se transcribe:

"[...] **PRIMEIRO:** Designar como representantes do concello de Cospeito en órganos colexiados, ós seguintes concelleiros:

- **MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS TERRA CHA (2)**
- Don Armando Castosa Alvariño
- Dona María Elena Veiga Castro
- **ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ (1)**
- Don Armando Castosa Alvariño
- **CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO PÚBLICO DE ENSINANZA DE MUIMENTA E FEIRA DO MONTE (2)**
- **CEIP Muimenta:** Don Fernando Carreiras González
- **CPI Virxe do Monte:** Dona María José Paredes Yanez
- **MESA LOCAL DE COMERCIO:**

O artigo 21.2 da Lei 13/2020, de 17 de decembro de 2010, do comercio interior de Galicia, establece que formarán parte da Mesa Local de Comercio unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes e de persoas consumidoras existentes no respectivo:

- Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.
- Concelleiro de Urbanismo, Ordenación do territorio, Medio ambiente, Turismo Promoción do comercio local, Feiras e mercados, Industria e Empleo.

SEGUNDO: Publicar íntegramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios de esta Entidade, así como comunicar ós órganos colexiados afectados os representantes municipais nomeados."

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2589

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 17 de xullo de 2023, acordouse aprobar a **CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES**, no sentido literal que se transcribe:

[...]PRIMEIRO.- Crear neste Concello, coas atribucións e facultades que en cada caso se indican, as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

1.- Comisión ESPECIAL DE CONTAS, cuxo obxecto e cometidos serán os definidos no artigo 127.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- Comisión Informativa de Urbanismo.

SEGUNDO.- *En atención á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, cada unha das comisións estará integrada por sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:*

- Presidente: O Alcalde.

- Vogais: Cuatro membros do Grupo Político PP, dos membros do Grupo Político PSdeG-PSOE.

A adscrición concreta dos membros da Corporación que deban formar parte de cada unha das Comisións anteditas en representación de cada grupo político realizarase mediante escrito do seu portavoz dirixido á Alcaldía-Presidencia e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un ou varios suplentes por cada titular.

O Presidente da Corporación é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, aínda que poderá delegar a súa presidencia efectiva en calquera membro da mesma, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección celebrada no seu seo, na que se propoñerá a designación de Presidente titular e os suplentes que se teñan por convenientes.

TERCEIRO.- *As Comisións referidas celebrarán sesión ordinaria con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, na data e hora que estableza a Presidencia da Comisión, que poderá convocar tamén sesións extraordinarias por propia iniciativa ou previa solicitude motivada da cuarta parte dos seus membros.”*

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2590

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 17 de xullo de 2023, acordouse aprobar a **CONSTITUCIÓN, COMO ÓRGANO COLEXIADO INTEGRANTE DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, no sentido literal que se transcribe:

[...] PRIMEIRO.- Constituir, como órgano colexiado integrante da organización municipal, a Xunta de Goberno Local cuxo obxecto será a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou as que lle atribúan as leis.

SEGUNDO.- *A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que será o seu presidente, e por un número de tres Concelleiros que serán nomeados libremente polo Alcalde como Membros da mesma.*

TERCEIRO. *A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a cuxos efectos celebrará as súas sesións ordinarias o primeiro e penúltimo xoves de cada mes ás 13:30 horas, previa convocatoria da Alcaldía, efectuada en legal forma. No caso de coincidir día festivo, poderase adiantar ou retrasar a súa celebración un día hábil.*

CUARTO.- *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”*

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2591

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 17 de xullo de 2023, acordouse a **APROBACIÓN DE RETRIBUCIÓN, E INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**, no sentido literal que se transcribe:

[...] PRIMEIRO.- Autorizar, segundo o establecido nos artigos 75.1, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, os seguintes cargos con dedicación exclusiva ou parcial coas retribucións que respectivamente se indican :

- *Dedicación exclusiva da alcaldía, con xornada laboral completa, e, cunha retribución anual bruta de 46.000 euros, máis os trienios aos que teña dereito como funcionario de carreira en excedencia, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*

- *Dedicación parcial de concellería delegada con xornada laboral ao 35 %, e unha retribución anual bruta de 9.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro*

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

As dedicacións anteriormente creadas surtirán efectos económicos dende o día 17 de xuño para o cargo de Alcalde-Presidente e con efectos económicos a partir de que pola alcaldía se proceda a designar ao membro da corporación para desempeñar o seu cargo con dedicación parcial, e se acepte expresamente polo concelleiro/a.

O decretos da Alcaldía de designación de concelleiro/a con dedicación, haberán de precisar as responsabilidades que asumirán os designados, determinarase ademais o seu réxime de dedicación.

Estas retribucións serán obxecto de actualización automática anual nos mesmos porcentaxes que se fixen na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ou norma que a substitúa para estes efectos, para os empegados públicos, co límite en todo caso, que estableza dita normativa para o réxime retributivo dos membros das corporacións locais,

SEGUNDO.-*Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao Alcalde e ao concelleiro/a unha vez que acepten os seus cargos con dedicación, asumindo o Concello pago das cotas empresariais que correspondan.*

TERCEIRO: *Que as asistencias efectivas ós órganos colexiados do concello de Cospeito dos concelleiros que non teñan adicación exclusiva ou parcial, se determinen nas seguintes cantidades por asistencia e membro:*

- *Por asistencia a Plenos: 120.00 euros, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.*
- *Por asistencia a Xunta de goberno local: 120.00 euros.*
- *Por asistencia a Comisiones Informativas: 80.00 euros, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais ás que se asista efectivamente.*

CUARTO: *Que as indemnizacións a percibir polos membros desta corporación por gastos de viaxe por uso de vehículo particular en comisión de servizo sexa a cantidade de 0.19 euros/kilómetro conforme ó establecido no RD 462/2002 de 24 de maio.*

Que para as indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo no territorio nacional, e en concepto de dietas serán de aplicación as cantidades establecidas no RD 462/2002 de 24 de maio, por asimilación para os membros corporativos municipais có Grupo 1 do Anexo I.

A xustificación das dietas, indemnizacións e gastos de viaxe por uso de vehículo particular se fará de acordo co establecido no RD 462/2002 de 24 de maio.

QUINTO: *Publicar íntegramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Edictos desta Entidade."*

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2592

Anuncio

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 12/07/2023 de delegacións especiais de Alcaldía en Concelleiros para cometidos específicos, que literalmente se transcribe.

Dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

DELEGACIONES ESPECIAIS DE ALCALDIA EN CONCELEIROS, PARA COMETIDOS ESPECÍFICOS

D. Armando Castosa Alvariño, Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Considerando o disposto no artigo 21, 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación có artigo 43 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO. - Outorgar as delegacións especiais relativas ós servizos que se indican aos seguintes concelleiros, entendendo que en aplicación do artigo 43.5, b) do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a delegación especial relativa a un determinado servizo comprende a dirección interna, e xestión do servizo correspondente, pero sen capacidade resolutive mediante actos administrativos que afecten a terceiros, e sobre as que, en todo caso, se exclúen da delegación as facultades de autorización, disposición de gasto, recoñecementos de obrigas e a de ordenación de pagamentos derivados das xestións dos servizos encomendados:

A Dona Natividad Miguélez Castro:

Deportes e Xuventude, Infraestructuras Deportivas e de lecer, Mobiliario Urbano, Festas e festexos e Protección civil.

A Don Fernando Carreiras González:

Urbanismo, Ordenación do territorio, Medio ambiente, Turismo Promoción do comercio local, Feiras e mercados, Industria e Empleo.

A don Iván Méndez Flores:

Servicios sociais, Atención a Terceira idade, Menores e atención a Infancia, Coordinación con asociacións veciñais.

A dona Elena Veiga Castro

Muller e políticas de igualdade e conciliación

A Dona María José Paredes Yáñez:

Educación e Cultura

A Don José Veiga Fernández

Agrogandeiría e medio rural

SEGUNDO.- A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura, e será publicada no BOP. Asimesmo esta resolución será notificada ós/ás interesados(as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o art. 114 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de 3 días hábiles, contados dende a notificación, non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante

TERCEIRO. - Dar conta ao Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre., notificar ós interesados para a aceptación expresa das delegacións encomendadas, ou tácita no seu caso, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación polos interesados.

CUARTO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente resolución.

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2593

Anuncio

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 12/07/2023 de nomeamento de Tenentes de Alcalde, que literalmente se transcribe.

Dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO, LUGO:

De conformidade co disposto nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 38, 41, 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde, de entre os membros da Xunta de goberno local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.-Nomear como tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros e na orde que se determina:

Primeiro tenente de alcalde: Iván Méndez Flores.

Segundo tenente de alcalde: Fernando Carreiras Gonzalez

Terceiro tenente de alcalde María José Paredes Yañez.

SEGUNDO.-Notificar personalmente ós designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no BOP de Lugo.

TERCEIRO.-Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre de ditos nomeamentos para o seu coñecementos e efectos oportunos. “

Cospeito, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2594

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexasXULLO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Localdo día24.07.2023aprobose o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de xullo2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 31.08.2023 ata o31.10.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 3 de agosto de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2595

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 3º BIMESTRE DO EXERCICIO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Localdo día24.07.2023aprobose o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do terceirobimestre do exercicio 2023 (maio-xuño)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 25.08.2023 ata o 25.10.2023.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 3 de agosto de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2596

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 1/08/2023**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XULLO** e 2023, polo importe total de **4.068,25€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de Agosto de 2023.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 2597

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **3 de agosto** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **xullo de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 3 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 2598

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2023, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 2º TRIMESTRE DE 2023**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de setembro de 2023 ó día 31 de outubro de 2023, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 3 de agosto de 2023.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2599

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/221, de data 31 de xullo, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 31 de xullo de 2023.- Alcalde-presidente en funcións, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2600

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/220, de data 31 de xullo, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 31 de xullo de 2023.- Alcalde-presidente en funcións, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2601

VIVEIRO*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal

laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**AUX. ADMINISTRATIVO/A (XORNADA PARCIAL)**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**AUX. ADMINISTRATIVO/A (XORNADA PARCIAL)**” funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE AUX. ADMINISTRATIVO/A (XORNADA PARCIAL):

A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	CALVO TORQUEMADA EVA MARÍA	EXENTA
2	CORNADO RODRIGUEZ LUCÍA	EXENTA
3	DIAZ CUBA MARIA DEL MAR	EXENTA
4	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	EXENTA
5	EXPÓSITO CAO MONTSERRAT	EXENTA

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
6	EXPÓSITO YAÑEZ MARÍA LUISA	EXENTA
7	FERNÁNDEZ GARCÍA PAULA MARÍA	EXENTA
8	GARCÍA BARRO MARÍA VITA	EXENTA
9	GONZÁLEZ CASAL LAURA	EXENTA
10	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ NATALIA	EXENTA
11	GONZÁLEZ SANTEIRO ISABEL	EXENTA
12	GUERREIRO ESCOURIDO MARIA CRISTINA	EXENTA
13	LÓPEZ RIVEIRA CLAUDIA	EXENTA
14	LOZANO LÓPEZ LAURA	EXENTA
15	MARIÑO BOUZA DAVID	EXENTA
16	MARTÍNEZ VARELA MARÍA JOSEFA	EXENTA
17	MÉNDEZ RODRÍGUEZ ALICIA ISABEL	EXENTA
18	MURÚA LORENZO MARIA	EXENTA
19	PELLÉ DE VARGAS LINA MICHELINE	EXENTA
20	PERNAS VIGO MARIA RÍTA	EXENTA
21	REGO MARTÍNEZ VANESA	EXENTA
22	RODRÍGUEZ CABAÑAS MIGUEL	EXENTA
23	RODRÍGUEZ VILLARES ESTEFANIA	EXENTA
24	ROUCO LLANDERROZAS GLORIA	EXENTA
25	SÁNCHEZ PERNAS MARÍA BEGOÑA	EXENTA
26	SIXTO PERNAS MARIA FE	EXENTA
27	TRASANCOS FERNÁNDEZ DOLORES	EXENTA
